

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 02/05/1955

Colección:

Data: 02/05/1955

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Bogotá (de distrito capital), Colombia (nacional), América (continental)

Destino:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Destino:

Bartolomé Mitre, 3793, Dto. F (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa, escudo en relevo de Colombia e membrete:] PRESIDENCIA DE LA REPÚBLICA / COMITÉ NACIONAL DE PLANEACIÓN / OFICINAS: BANCO DE LA REPÚBLICA, 5º PISO [Oficina 502] BOGOTÁ / TELÉFONOS. SECRETARIA GENERAL 20542-18062. SECCIÓN TÉCNICA 28370. 18069-1509-18060

Temáticas:

Pranto matricial; Artes; Asuntos particulares; Literatura;

Mencionados:

Gonzalo Losada; Pilar Rodríguez de Prada; Maruxa Seoane; Arturo Souto;

Transcripción da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 02/05/1955

Bogotá, 2 maio 1955

Sr. don LUIS SEOANE LÓPEZ
Bartolomé Mitre 3793, 2º, F
Buenos Aires

Querido Luís:

Acabo de recibir o primeiro exemplar de Pranto Matricial que chega as miñas maos. Demorou máis de coarenta días en vir desde Buenos Aires, pol-a vía ordinaria. Chega cando xa perdera a esperanza de ollar eiquí a obra.

Moito me comprace a beleza, sobriedade e modernidá da presentación gráfica, na que unha vez máis, a tua experta orientación e participación, ten conquistado un novo e positivo acerto. Estou plenamente satisfeito da edición; agradezo vivamente o teu desvelo e ben quixera que o contido responderá o rango do continente.

Non voltéi a ollar ningún número de Galicia Emigrante. Teño unhas notas sobre Jesus Bal e agardaba recibir as referentes a Souto, pra facer o artigo. Non chegaron aínda ao meu poder. Penso escribirlle dende eiquí, e recordarlle o choio. Si non o fixen denantes foi por agardar a poder decirlle algunha cousa da edición, e si fora doado, remitirlle algun exemplar. De calquera xeito, podo si tes necesidade de orixinal mandar outros traballos, e aínda encarrégame de algunha colaboración en serie, sobre economía galega ou d-outra temática axeitada ao tipo da Revista.

Na primeira quincena de San Johan penso retornar a Galiza, dando por rematada a misión que veño orientando n-esta terra. Cecaís se deriven algunhas relacións económicas importantes entre Galiza e Colombia, pra desenrolar n-este país unha industria –a da pesca– que aínda non saíu da prehistoria. Pesca coma na idade de pedra.

Dende hai meses non teño novas da Arxentina. Ao menos, da vosa actividade. Teño conversado moito eiquí con Gonzalo Losada, que debeu chegar n-estes días a Buenos Aires. Ten unha fonda admiración por tí, e unha viva devoción, o que me produxo moita compiacencia. Penso escribirlle n-estes días, mandandolle un mal deseño do escudo dos Losadas, que recibín de Pilar.

Moitas lembranzas a Maruxa, e unha cordial aperta pra ti do teu sempre amigo incondicional,

Valentín

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.